

Á Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais do persoal e o horario de funcionamento do Centro de Saúde de Cambados (10/PNC-002536, documento número 31356).

Emenda de adición

Débese engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“Que o conselleiro de Sanidade acorde unha xuntanza coa alcaldesa de Cambados para poder trasladarlle as cuestións relevantes en relación ao centro de saúde e poder establecer un acordo estable sobre a atención sanitaria e o Centro de Saúde no concello de Cambados.”

Pazo do Parlamento, 12 de xuño de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/06/2018 17:48:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/06/2018 17:48:23